

# Plan Proxecta

O Plan Proxecta é unha iniciativa da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, en colaboración con diferentes organismos, dirixida a fomentar a innovación educativa nos centros a través de programas educativos que desenvolvan as competencias clave como eixe do currículo e os elementos transversais, nos cales se inclúe a educación en valores.

Trátase dun plan que busca un avance nas dinámicas de mellora da calidade educativa e favorecer a innovación nos propios centros a través de programas externos que leven á motivación e ao traballo activo, cooperativo e en rede, do alumnado e do profesorado implicado. Para iso, un dos principais obxectivos deste plan é promover a realización de proxectos interdisciplinarios que poidan servir de modelo de traballo ou de boa práctica, tanto para o propio centro en que se orixinan como para o resto da comunidade educativa galega.

Neste curso escolar ofrecéronse 44 programas educativos dos cuales o IES A Sardiñeira participa en:

- **Rede de Centros Escolares Solidarios** : IES A Sardiñeira decide participar un ano mais na Rede de Centros Escolares Solidarios e, ante o éxito de participación do curso pasado do alumnado de Formación Profesional, decídese continuar co mesmo proxecto. A educación en valores e, especialmente a solidariedade, debe ser un tema trasversal a ter en conta en todos os niveis educativos. Por esta razón, aínda que o peso do proxecto recaerá no alumnado de Formación Profesional, vaise involucrar a todo o alumnado do instituto. Este proxecto está tan arraigado na comunidade educativa e no entorno que xa antes de solicitalo temos tres colaboracións, unha coa Fundación Glorr, para recollida de roupa, e outra, co Banco de Alimentos Rías Altas, para participar na gran recollida de alimentos que organizan cada ano no mes de novembro e coa ONG Equus Zebra na recollida de xoguetes para a campaña de Nadal.
- **“Donas de si”**: Este proxecto ten como propósito común, tanto para o alumnado como para os docentes, promover a educación en igualdade, a visualización da figura feminina e a súa contribución ao desenvolvemento social e histórico. Neste

proxecto participarán tres grupos de 1º da ESO. Os docentes que imparten clases nestes grupos, planificarán o traballo de modo organizativo e interdisciplinar baseándose no material didáctico ofrecido pola Consellería, mais tamén no material de elaboración propia.

- **“Centros Activos e Saudables”**: Neste curso levarase a cabo este proxecto por primeira vez. Os obxectivos xerais do mesmo son fomentar na totalidade da comunidade educativa hábitos de vida saudables, referidos especialmente á actividade física, empregando esta última como mecanismo para ocupar o seu tempo de lecer e como forma de recreación e desfrute , loitar contra o sedentarismo e o uso abusivo dos dispositivos dixitais(móviles, tablets...), creando hábitos que perduren fóra do centro escolar e ao longo de toda a súa vida e fomentar a capacidade tanto en docentes como alumnado para actuar dedinamizadores dunha vida activa e saudable entre os axentes sociais (familias, amigos) da súa contorna, coñecendo tódolos recursos existentes na mesma entre outros obxectivos. O enfoque fundamental do Proxecto Deportivo do noso centro baséase nos chamados “Recreos Activos” , no cal se poñen en práctica diferentes actividades físico-deportivas a través da practica de deportes, tanto convencionais coma alternativos, organizados e estruturados previamente.